



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA SOLICITAR O ARRANXO DA PONTE SOBRE O XARES NA ESTRADA DO CONCELLO DO BOLO.**

Historicamente, o noso grupo provincial socialista nesta Deputación de Ourense vén demandando a través diferentes mocións, rogos, solicitudes e propostas, melloras e arranxos necesarios en tódalas estradas que vertebran o noso territorio, ben sexan estatais, autonómicas, provinciais ou municipais.

Tamén as peticións se centraron na elaboración dun mapa e unha relación de tódalas estradas provinciais, e como complemento a esta relación, se ten solicitado un estudo e catalogación de obras prioritarias en base a criterios técnicos a realizar nestas estradas. Relación que tamén debería incluír datos sobre as estradas que deberían ser propostas para ser transferidas ou recibidas doutras administracións.

Toca lembrar que, entre outras moitas, as zonas onde se teñen centrado boa parte das nosas demandas de arranxos e melloras de estradas son as pertencentes ás comarcas de Trives, Caldelas, Viana e Valdeorras, onde todas elas teñen un denominador común: un máis que preocupante abandono e unha falta de plans de mellora nestas estradas, que van desde as máis curtas de pouco máis de un quilómetro, ata algunhas de máis de 30 quilómetros que serven para vertebrar grandes áreas e que circulan por numerosas vilas e aldeas.

Son moitas as necesidades pendentes, algunhas delas “históricas”, como a estrada de San Vicente en Vilamartín de Valdeorras, Manzaneda, etc. Algunhas delas seguen o mesmo patrón, xa que se atopan cortadas ao tráfico.

Hai que engadir a este “triste listado” unha nova demanda, que aínda sendo unha estrada de titularidade municipal e logo dun ano sen servizo para a veciñanza e usuarios en xeral, segue agardando por unha moi urxente e necesaria demanda.

Trátase da continuación da estrada provincial OU-0863, que une as localidades da Barxa e Seixo, no Concello do Bolo, que está cortada polo grave deterioro da súa ponte sobre o río Xares producido en decembro de 2019 polas riadas acontecidas.

Coñecendo a existencia dun “proxecto construtivo para a reconstrución da ponte da Barxa sobre o río Xares no termo municipal de O Bolo” de data 09/2020, cun elevado orzamento, toca solicitar a implicación das administracións públicas para mellorar esta situación, que está a provocar que os usuarios e a veciñanza teñan que dar un rodeo inasumible para poder desprazarse á capital municipal nas condicións adecuadas de seguridade e confortabilidade, solucionando así unha situación que o propio Concello do Bolo parece ignorar, xa que ten á veciñanza illada desde hai un ano.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

É necesario indicar que o grupo municipal socialista do Concello do Bolo, a través do seu portavoz municipal, estivo a disposición do goberno municipal desde o primeiro momento, ofrecendo colaboración para “o que fose necesario”. Logo de varios meses sen ningún movemento importante para acadar unha solución, propuxo a creación dunha comisión bipartita que, a día de hoxe, segue sen constituírse e, o que é peor para a veciñanza, a ponte segue sen arranxar.

Un concello como O Bolo ten complicado asumir un orzamento de medio millón de euros, tal e como se recolle no proxecto, pero hai organismos que si se poden implicar como son a Deputación Provincial, a Xunta de Galicia ou a Confederación Hidrográfica.

Por todo o exposto, o grupo provincial socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Solicitamos da Deputación que impulse a creación dunha comisión representativa entre as administracións (Xunta de Galicia, Confederación Hidrográfica, Deputación Provincial e Concello do Bolo), con representación dos partidos políticos, para buscar solucións para reconstrucción da ponte sobre o río Xares, que une as localidades da Barxa e Seixo no Concello do Bolo

Ourense, 3 de decembro de 2020

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE